

6



## Ollos abertos

### As visitas de personaxes importantes

Verías pola tele a visita dalgún rei ou presidente dunha nación a algún pobo ou a algunha cidade. Fixámonos no que sucede nesas visitas.

#### ■ Nas visitas dunha persoa importante...

—
—
—
—
—
—



## Mirada penetrante

### Distintos tipos de actitudes

Ante un personaxe que vén de visita son distintas as actitudes dos que o van recibir. Por iso hai varios tipos de persoas.

#### ■ Actitudes ante un personaxe que vén de visita

- |                              |   |
|------------------------------|---|
| 1 Amigos e admiradores       | <input type="radio"/> Van porque van todos e fan coma todos sen pensar moito por que se comportan así.        |
| 2 Años e papanatas           | <input type="radio"/> Van para ver o que hai e están a comentar e criticando o que fai a xente.               |
| 3 Indiferentes e pasotas     | <input type="radio"/> Van porque queren e aprecian moito á persoa que vén e desexan expresarlle o seu cariño. |
| 4 Curiosos e murmuradores    | <input type="radio"/> No van recibilo, porque para eles o único importante son as súas cousas.                |
| 5 Comediantes e aproveitados | <input type="radio"/> Van para ver como poden rematar coa persoa que vén, porque lles estorba e os molesta.   |
| 6 Inimigos e perseguidores   | <input type="radio"/> Van, non porque lle queiran, senón porque son egoístas e queren conseguir algo.         |

▶ Busca a qué número da esquerda corresponde cada frase da dereita e escríbeo.

▶ ¿Que é o que máis agrada á persoa que vai de visita?



## Oídos atentos

### Acoller a Xesús como Salvador

1



- Será grande e chamarase Fillo do Altísimo, e o Señor Deus daralle o trono de David, seu pai; e o seu reino non terá fin... Será santo e chamarase Fillo de Deus. (Lc 1,32-33.35)
- El salvará ao seu pobo dos seus pecados. (Mt 1,21)

### 2 Xesús foi concibido por obra do Espírito Santo



Antes de que (María e Xosé) vivisen xuntos, apareceu ela embarazada por obra do Espírito Santo... Un anxo do Señor aparecéuselle en soños a Xosé dicíndolle:

-Xosé, non repares en levar contigo a María, a túa prometida, que o que nela se concibiu é obra do Espírito Santo. (Mt 1,18-20)

3



María deu a luz o seu fillo primoxénito; envolveuno nuns capizos e deitouno nunha manxadoira, porque na pousada non había lugar para eles. (Lc 2,7)

4



Aos oito días tocaba circuncidar o neno e puxéronlle de nome Xesús, tal como o chamara o anxo antes da súa concepción... Levárono a Xerusalén para llo presentaren ao Señor, como está escrito na lei do Señor. (Lc 2,21-24)

5

#### Os humildes e sinxelos

#### Os poderosos recíbeno



- Os pastores... foron a correr e atoparon a María, a Xosé e á criatura deitada na manxadoira... Volveron glorificando e loando a Deus por canto viran e oíran. (Lc 2,15-16.20)
- Os magos atoparon o neno con María, súa nai; prostráronse e renderonlle homenaxe, abrindo os seus tesouros e ofrecéronlle como regalo: ouro, incenso e mirra. (Mt 2,11)



- Un anxo do Señor... díxolle a Xosé: -Érguete, colle o neno e maila nai e fuxe para Exipto. Non te movas de alí ata que eu te avise, Herodes vai buscar o neno para matalo. Daquela Herodes, decatándose de que fora burlado polos magos, incomodouse moito e mandou matar a todos os nenos de dous anos para abaixo, de Belén e da bisbarra. (Mt 2,13. 16)



## ■ 6 ■ Xesús viviu en Nazaré obediente aos seus pais durante trinta anos



Xesús baixou cos seus pais a Nazaré, e vivía baixo a súa autoridade .  
A nai conservaba todas estas cousas no seu corazón.

Xesús medraba en estatura, en sabedoría e en graza diante de Deus e máis dos homes. (Lc 2,51-52)

► Explica os tres debuxos con frases tomadas dos textos bíblicos anteriores:



## Memoria esperta

### O nacemento e infancia de Xesús

A Igrexa celebra con alegría o nacemento de Xesús, o Fillo de Deus. Invítanos a dar grazas a Deus por este gran acontecemento.

#### ■ ¿Que significa que o Fillo de Deus se encarnou?

Significa que o Fillo único e eterno de Deus, sen deixar de ser Deus, se fixo home débil e mortal, igual en todo a nós, agás no pecado. (ENF p. 133)

#### ■ ¿Como naceu Xesús?

#### ■ ¿Como viviu Xesús en Nazaré?

■ A súa primeira lección é o silencio..., a vida familiar..., a lección do traballo. (CEC 533)



## Mans activas

### Parecernos a Xesús

Xesús, mentres viviu en Nazaré, comportouse como un bo fillo. Nós tratamos de parecernos o máis posible a El.



Polas festas da Pascua os pais de Xesús ían todos os anos a Xerusalén. Cando o neno tivo doce anos, subiron á festa, conforme á tradición. Rematada a festa, o neno Xesús quedou en Xerusalén, sen que os seus pais se decatasen... Buscárono entre os parentes e coñecidos... ao cabo de tres días, atopárono no templo, sentado no medio dos doutores e dialogando con eles... Ao velo..., súa nai preguntoulle:

- Meu fillo ¿Como te portaches así connosco? Teu pai e máis eu andamos cheos de angustia en busca túa.

El respondeu:

E logo, ¿por que me buscades? ¿Seica non sabiades que eu teño que estar na casa de meu Pai?

Xesús baixou cos seus pais a Nazaré, e vivía baixo a súa autoridade...

Xesús medraba en estatura, en sabedoría e en graza diante de Deus e mais dos homes. (Lc 2,41-52)

#### O comportamento de Xesús

- 
- 
- 
- 
- 

#### O noso comportamento

¿Oramos e participamos nas celebracións cristiás: a Eucaristía, a Penitencia...?

¿Apreciamos a catequese e a clase de Relixión para formarnos na fe e tratamos de coñecer ben a Mensaxe de Xesús?

¿Intentamos amar a Deus, apreciálo coma a alguén importante, saber o que quere de nós e cumprilo sempre?

¿Obedecemos aos nosos pais, axudámoslles na casa, evitamos darlles desgustos, procuramos facelos felices?

¿Como o facemos nós?

- ▶ ¿En que admiramos máis a Xesús?
- ▶ ¿En que debemos imitalo?